

LA VIDA LLIURE

[Marc Recha, 2017]

365

ESTREA EN NUMAX: 06.04.2018 | V.O.S.E. | +7

La vida lliure (2017, 90')

Dirección: Marc Recha

Guión: Marc Recha

Elenco: Mariona Gomila, Macià Arguimbau, Sergi López,

Miquel Gelabert, Nuria Prims, Blai Bonet

Son: Sergi Nogué, Eva Valiño

Montaxe: Belén López

Vestuario: Cristina Garriga

Dirección de arte: Arnaud de Moleron

Música: Pau Recha

Fotografía: Hélène Louvart

Productoras: La Perifèrica Producciones, TV3,

Turkana Films (España)

Distribuidora: Splendor Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Catalán

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Un día perfecte per volar, 2015

Ponts de Sarajevo, 2014

Petit indi, 2009

Dies d'agost, 2006

Pau i el seu germà, 2001

L'arbre de les cireres, 1998

El cielo sube, 1991

PREMIOS E FESTIVALS

Xixón 2017 (Sección Oficial)

SINOPSE

É 1915, Tina e Biel descubren un valioso tesouro nunha illa de Menorca e deciden utilizalo como moeda de troco para poder viaxar a Arxel, onde está súa nai na procura de traballo. Na aventura axudaralles o libre e vividor Rom, que non rende contas a ninguén.

«Toda unha declaración de principios dun creador independente cuxas obras equilibran a profundidade e a diversión, o filosófico e o lúdico»

Pere Vall, FOTOGRAMAS



“O cinema é a miña vida e a miña vida é o cinema; non hai diferencias”

Entrevista con Marc Recha
Por Carles Matamoros

O filme amosa unha Menorca solitaria e illada, desde a contorna natural domina os personaxes, que loitan por sobrevivir en condicións difíciles. Que te levou escoller estes escenarios concretos? O contexto no que se desenvolve axústase á época que retratas ou é unha construción ficcional? Coñezo ben Menorca, xa que é unha das paisaxes da miña infancia e escollín estas localizacións porque nos permitían amosar unha contorna agreste que plasmase ben o fondo da pandemia de gripe. No ano no que se sitúa o filme non existía o turismo de sol e praia e as calas menorquinas estaban moito máis baleiras. De todos xeitos, fuxo do concepto de gran construción dunha época: quere ser unha proposta contemporánea, na que calquera espectador se poida sentir interpelado.

La vida lliure ten un evidente talante literario. Como traballas co bagaxe novelístico para incorporalo ao filme? O que me interesa da literatura é a sensualidade dos adxectivos para describir a paisaxe e neste sentido *A illa do tesouro* de Stevenson é un bo exemplo. As palabras axúdanme a captar esa cousa intanxíbel da natureza e permítenme

chegar ao mundo da invisibilidade. O que realmente buscaba era ir da anécdota á categoría, como recomendaba Eugeni d'Ors; filmar o local para chegar ao universal. A palabra é tamén transmisora de coñecemento e vémolos nas historias que conta Rom e na voz en off de Tina.

A infancia e a capacidade de imaxinar determina o ton fabulador das narracións de *La vida lliure* e de *Un día perfecte per voler*, e tamén tiña o seu peso noutros filmes teus, como *L'arbre de les cireres*. Que che interesa captar desta etapa vital inicial? Gosto de mirar a realidade desde a infancia porque os nenos permítenche amosar o descubrimento que supón o mundo dos adultos e as súas complexidades. Ademais, entendo que a vida e o cinema son unha viaxe á deriva de aprendizaxe e atráeme ver o proceso que experimentan os nenos cara a madurez.

Cres que a mellor maneira de enfrontarse a feitos tráxicos é desde a inocencia ou a metáfora, sen ser demasiado explícito? A acción en *La vida lliure* pasa pola imaxinación. E non debemos olvidar que a morte era moi real e común naquela época. A mirada fantasiosa infantil quizais ten que ver cunha visión panteísta da paisaxe que amosa o filme. En certo modo a través da experiencia dos nenos achegámonos a unha natureza animista, onde as pedras e as árbores cobran vida.

Un dos elementos máis coidados no filme é a linguaxe —o vocabulario, a pronunciación das palabras,

a diversidade lingüística, etc.— e o uso do menorquín é clave para definir a contorna e o imaxinario dos protagonistas. Poderíame falar das eleccións idiomáticas e de como afrontas filmar as palabras? A linguaxe, no fondo, transpórtanos a un mundo imaxinario e para iso hai que preservar a autenticidade. Cada un exprésase no filme con naturalidade: os nenos falan en menorquín, Sergi López nun catalán de Vilanova, Alex Brendemühl achega a voz en alemán nas imaxes iniciais do submarino... A linguaxe lévanos, literalmente, ao literario, á memoria.

En *La vida lliure*, así como nos teus tres anteriores filmes como director o responsábel da banda sonora é o teu irmán Pau. En *Un día perfecte per voler*, o neno é o teu fillo Roc, mentres que en *Dies d'agost* o teu irmán David e ti sodes os protagonistas. Que che achega traballar coa familia? Consideras o teu cinema autobiográfico? O cinema é a miña vida e a miña vida é o cinema; non hai diferencias. Síntome preto de Cassavetes, de Eustache ou do Renoir de *Toni* (1935)... É un xeito de facer cinema, non o único, no que o traballo de aprendizaxe vital o fas mentres filmas. Podemos falar tamén do que xa eran os textos de Josep Pla: ficcións autobiográficas. A vida é unha fonte de inspiración para os que creamos de xeito artesanal e con frecuencia as fronteiras entre realidade e ficción desbordan.

Publicado en <http://cinentransit.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

La isla del tesoro, Robert L. Stevenson
Penguin Clásicos

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' *O 400 golpes*

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Partzarroyo — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

CO-PRODUCCIÓN: Nobuhiro Suwa (SUWA) - JEAN-PIERRE LÉAUD (LÉAUD) - PAULINE ÉTIENNE (ÉTIENNE) - MAUD WYLER (WYLER) - ARTHUR HARARI (HARARI) - ISABELLE WEINGARTEN (WEINGARTEN) - NOË SAMPY (SAMPY) - JEAN-LOUIS BERARD (BERARD) - FRANÇOISE MICHAUD (MICHAUD) - LOUIS-DO DE LENCQESANG (LENCQESANG) - JULES LANGLADE (LANGLADE) - NOBUHIRO SUWA (SUWA) - FIQUE EN MINEUR (ÉTIENNE) - JEAN-PIERRE LÉAUD (LÉAUD) - ARTHUR HARARI (HARARI) - FLORENT KLOCKENBRING (KLOCKENBRING) - EMMANUEL CROSET (CROSET) - THOMAS GRÉZARD (GRÉZARD) - INÈS DE LA BEVÈRE (BEVÈRE) - MARTIAL SALOMON (SALOMON) - OLIVIER MARGERIT (MARGERIT) - MICHIKO YOSHITAKE (YOSHITAKE) - JÉRÔME DOPPLER (DOPPLER) - YUJI SADAI (SADAI) - Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (CNC) - Région Provence-Alpes-Côte d'Azur - Département des Alpes-Maritimes (DÉPARTEMENT DES ALPES-MARITIMES) - CNC - Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (AGENCY FOR CULTURAL AFFAIRS) - FILM-IN-EVOLUTION (FILM-IN-EVOLUTION) - Les Productions Balhazar, Bitters End (LES PRODUCTIONS BALHAZAR, BITTERS END) - NUMAX Distribution (NUMAX DISTRIBUTION)